

Encabezada por un título que lle fai xustiza á natureza e ao contido do libro, Antón Riveiro Coello achéganos a súa primeira incursión no subxénero do microrrelato. Emporiso, o autor confesa que é na novela onde máis cómodo se atopa, mais, "arimado a vertixe das redes", naceron coma un divertimento outras cousas miúdas ao xeito de micropostais coas que mesmo podía manter unha certa interacción cos lectores. Así xermolou unha boa parte dos textos que lle dan forma e contido a este libro. Outros son inéditos ou tiveron unha primeira vida en publicacións colectivas. A súa finalidade: narrar o mundo con textos casa vez máis diminutos, se ben con disposición arboriforme: máis longos -tres ou catro planas- os das primeiras cincuenta e oito páxinas e unha soa folla os restantes, acadando a maior brevidade e concentración no derradeiro, "Infarto flamenco", con tan só tres palabras ("Moreu nun aí") que trae ao recordo o xenial hiperbreve de Ernest Hemingway que o escritor norteamericano consideraba o mellor da súa obra, "Véndese: zapatos de bebé sen usar".

Case que un cento de microficcións, das que a terceira parte corresponden ás que abren a publicación e cadrarían coas gallas máis baixas. Son verda-

Os textos provocan no ánimo do lector a sorpresa, o sorriso, a compaixón...

deiros contos breves, se ben manteñen algúns dos trazos da minificción, nomeadamente o do desenlace sorpresivo. Saliento entre elas, "O home que matou a Franco". As restantes acostúanse ás convencións do microrrelato: títulos que focalizan os contidos e nalgúns casos son imprescindibles para completar o sentido xa que cumpren a función de conducir o lector na dirección que desexa o autor. Mostras sobranceiras, na miña estima, desta función dos rótulos son "Meticuloso", "O coleccionista", "Arraianos" ou "A hipocóndrica". Abranguen temáticas moi diversas, pero todos

eles conteñen unha historia, a narración de algo. Superan, xa que logo, a simplicidade do aforismo ou da ocorrencia.

Historias, xa ora, cribables sen que faga falla que sexan enteiramente coherentes.

Os significados de cadanseu microrrelato amósanse escasamente esbozados, apenas insinuados, esteados en mecanismos coma o dobre sentido: a posibilidade de que o texto signifique non soamente o contido semántico das palabras, senón que encerran outras connotacións que o lector deberá atopar para completar a narración. Fun-

ción que se acrecenta nalgún caso, como "A pedida de man", cando o autor xoga co sobre sentido das palabras que animan ao lector a inmiscirse no xogo e tomar parte no mesmo.

Todos os microcontos de *Á sombra dos bonsais* son relatos que desenvolven unha situación narrativa singular formulada nun espazo e suxeitándose a un discurso temporal, aínda que algúns elementos (acción, espazo, tempo) esteen soamente suxeitos. Teñen asemade a virtude de provocar no ánimo do lector impresións que poden ser de sorpresa, sorriso, reflexión, compaixón...

Algúns dos microrrelatos conteñen na súa brevidade unha xenuína teoría verbo dos problemas e actitudes do mundo actual; reproducen, en consecuencia, pequenos detalles dunha sociedade absurda á que parodian ou caricaturizan desde a sátira e mais a retranca. Saliento por último quizais o máis importante da microficción, presente nesta entrega: trátase da concentración ao máximo que os converten en prosas fermosas como fórmulas matemáticas, con desenlaces sorpresivos en moitos deles. É aí onde recibimos a labazada.

RIVEIRO COELLO, A. Á sombra dos bonsais, Editorial Galaxia, Vigo, 2017, PVP 15 €

Narrativa bonsai

Como fermosas fórmulas matemáticas

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS



Dun lacerado interior

Arredor dun libro capital

ROMÁN RAÑA

O que observamos na poesía de Luís Valle (Lugo, 1977), xa desde os seus inicios (e lembro especialmente o seu poemario *Fedor*), é o inquietante contraste entre a feitura do poema (breve como lacónica elexía), a dicción en que o eu poético se expresa (onde predomina a tranquilidade e a dozura, a suavidade do devir temporal, a desricción parsimoniosa) e, de súbito, no medio do sosego apracibel escoa a nota discordante, o desasosiego, o profundo malestar, a desazón. De tal modo que, a medida que avanzamos na lectura, constatamos que esas mínimas gotas de amargura non son só significativas, mais deixan entrever que no corazón do poeta se desatan profundas tempestades que, através dun esforzado e rigoroso traballo lírico, transforman en concisas miniaturas do seu lacerado interior.

O libro que agora comento, *Para que eu beba*, afonda nesta dirección. Diría máis, quebra o verso polo lado da desesperación, o que xera un discurso case alucinatório, que exhala sufrimento, como podemos ler na primeira peza: "A pomba, os gorríons e eu limamos coas pestanas os bordos do sol, pero só Deus traballa para que eu beba". E non digamos xa cando ese Deus fica sepultado pola nevarada no poema intitulado "Canero", onde esa doenza se disfraz de sombra que viste todo o corpo. Ou as mencións de amor ao pai morto, que nos sobrecollen fondamente: "Ti xa nunca terás a idade dos suicidas. O ceo é a ollada que escolliches, abrazado á pedra". Todo o volume está cheo desas delicadas mostras de veneración e de memoria rota, de momentos álxidos onde vocifera o espanto e onde se incrusta un ton mortuorio envolto na tenue tenrura das metáforas. Con elas vaixe edificando un urdime metafísico: "Destilei a cabeza. Desequei o espírito. Dethiven a danza ao final de vento... Aí a vida semella feroz ala que anoiace, requento dos días tras os grandes tiros".

Luís Valle cohíbe de desenrallar a súa vida privada para a expor no poemario, como vitrina nítida. En todo momento arroupa eses íntimos abismos con, como se di aquí: "As veces choro coa súa beleza indescifrable". O sistema de imaxes, co seu tecido metafórico, enche de fermosura esta voz abisal que nos tortura e deleita a un mesmo tempo porque convoca a angustia e trata de superar por medio da tímida arma da poesía. A angustia brota da certeza de que o noso destino é a morte, a poesía afina os seus pés na eternidade ilusoria da palabra. Podemos matizar na eternidade ilusionante da palabra. Porque, a través dela, podemos soñar que non morremos. Non outra sensación experimentamos ao ler o derradeiro poema: "Coloco as tibias. Abotoo a vida. Escribo na miña respiración a palabra FIN. Vacante de ti, separando as letras". O dito, un libro capital.

VALLE, Luís, Para que eu beba, Ed. Barbañeta, Cangas, 2017, PVP 12 €



Amena e divertida

O extraordinario mundo Bubble

MARÍA NAVARRO

A chegada de Lady Bubble había xa quince anos causara na vila unha certa conmoción. A mansión que levaba anos deshabitada éralle gozosa ao alcalde pola súa ubicación e as súas dimensións, por iso, cásque dende o primeiro momento comezara unha campaña de desprestixio contra a estafalaria veciña inglesa, alimentada quizais polo comportamento e pola aparencia da propia estranxeira que non dubidaba en manifestar o que pensaba e en continuar cos seus proxectos na procura dun mundo mellor.

As irmáns Noa e Sofi van actuar de ponte entre a veciñanza e a señorita Bubble fascinada nun primeiro momento pola indumentaria, polo vehículo no que se despraza, Flash Bubble, pola mansión onde vive e pola compañía con quen comparte espazo: a gata Nefertiti e o nenó Vincent e, ao final, por poñer ao servizo dos demais os seus coñecementos e a súa forma de entender o mundo. Unhas clases aburridas, unhas normas que non enten-

den e o desexo de dar renda leva á creatividade solta á irmáns a abandonar o colexio en horario lectivo e aventurar-se no mundo Bubble e, como transportadas en pompas de xabón, gozan dun universo marabilloso no que se enfrascan sorrisos en tarros de cristal, se cultivan bastóns de caramelo ou se fabrican soños para aquela xente que perdera a capacidade de fantasía. Tamén chantadas na realidade fanlle fronte a quen, temendo o descoñecido, actúa deixándose levar pola multitude e non se detén a pensar o que sucede ao seu redor.



Para todos ten a inglesa solución e explicación, palabras e actos que ensinan o verdadeiro

sentido da vida e do xuízo.

Leticia Costas pon neste libro -como xa acontecía noutros volumes anteriores da súa man e esperemos que así mesmo noutros futuros que veñan- a imaxinación ao servizo da literatura, porque a vida cotiá e a fantasía camiñan xuntas para dende a terra ascender ao extraordinario mundo da ilusión e dende aquí invitar ao cambio e á transformación daquilo que non é xusto.

Trátase, sen dúbida, dun texto ameno e divertido que sorprende pola extravagancia e a utopía, pola claridade das palabras e polos tempos que manexa, polas esceas que presenta e polas imaxes que evoca e polo ton desenfadado e pola ensinanza que transmite.

COSTAS, Leticia, A señorita Bubble (Il. Andrés Meixide), Ed. Xerais, Vigo, 2017, PVP 12,50 €